

II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

En Pontevedra/ Bueu

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.

D. Félix Juncal Novas, alcalde do Concello de Bueu, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta II addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 16 de outubro de 2020 aprobouse o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica. (Expte. 2020036145), cuxa duración remata o 10 de marzo de 2023.

Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- A Xunta de Goberno, por acordo, en sesión celebrada en data 24 de novembro de 2022, modificado posteriormente por acordo nº 24.32387 de data 9 de decembro de 2022, prorrogou o contrato que rexe a prestación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da



provincia de Pontevedra (Exp. nº 2020029219) ata o 10 de marzo de 2024.

Cuarto.- Corresponde aos órganos de goberno e xestión das deputacións provinciais prestar asistencia en materia de administración electrónica e contratación centralizada a concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, conforme ao previsto no artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL). Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, d) determina que as deputacións provinciais teñen como competencias propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos.

Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da grande demanda e a importancia do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para 54 concellos, 4 mancomunidades e 6 entidades locais menores adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta II Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar co servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio

Ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2024, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.

A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDA.- Efectos da II Addenda

A presente II Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo modificacións expostas na presente II Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.



TERCEIRA.- Réxime Xurídico

A regulación establecida nesta II Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente II Addenda ao “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”.

Asinada dixitalmente.

